



Asunto: Resolución da Inscripción do Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte

Con data 30 de marzo de 2025 recibíuse solicitude de Inscripción do Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte, no Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia (REDEGA), formulada por D. Carlos Seijo Santaballa no nome e representación do **C. GIMNASIO J.K.**, con domicilio en Rúa Almirante Mourelle, 43 – B, 15011 (A Coruña) , e tendo en conta os seguintes **FEITOS**:

Único. Coa solicitude de inscrición presenta os seguintes documentos:

1. Designación do Delegado de Protección de NNA (DP), polo órgano de goberno da entidade de data 04 de xaneiro de 2025, certificada polo secretario da entidade o 19 de febreiro de 2025.
2. Aceptación do Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte, asinado o 04 de xaneiro de 2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O **artigo 66 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia** crea o Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. O **artigo 12 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia** adscribe o dito rexistro ao órgano superior da Administración xeral da comunidade Autónoma competente en materia de deportes. .

Segundo. O **capítulo IV do Decreto**, regula o réxime xurídico do acceso ao rexistro, así como a documentación que as entidades deben presentar para seren inscritas, segundo a súa tipoloxía e acto inscribible

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez cualificada a documentación presentada nos termos do **artigo 7 do Decreto 85/2014, procede a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.**

Cuarto. O **artigo 67 da Lei 3/2012** establece que a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia non validará os actos que sexan nulos nin os datos que sexan incorrectos de acordo coas leis.

Quinto. O **artigo 47 da Lei Orgánica 8/2021**, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, establece que os Protocolos de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte, deben aplicarse en todos os centros que realicen actividades deportivas.

Sexto. O **artigo 48 da Lei Orgánica 8/2021**, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, determina as obrigacións ás que están suxeitas as entidades para a protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación,





RESOLVO:

1. **Inscribir o Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte** xunto coa **persoa delegada de NNA (DP)** da entidade deportiva **C. GIMNASIO J.K.**, con número de rexistro **C-04973**, no **Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia (REDEGA)**.
2. **Inscribir** como persoa delegada de NNA (DP): **Dna. Sara M^a Costoya Ameijenda**, con **NIF:47404663F**

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co sinalado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

José Ramón Lete Lasa

Secretario Xeral para o Deporte

Por delegación de sinatura (Resolución do 18 de Decembro de 2018)

Roberto García Fernández

